

INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA

Resolución do 2 de febreiro de 2009 pola que se modifican as bases reguladoras das axudas do Instituto Galego de Promoción Económica destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras.

Mediante Resolución do 14 de maio de 2008 aprobáronse as bases reguladoras das axudas do Igape destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, instrumentadas mediante convenio coas entidades financeiras, e procedeuse á súa convocatoria para o exercicio 2008 (DOG nº 98, do 22 de maio de 2008).

No artigo 8 das ditas bases estableceuse que as entidades de crédito centralizarán as solicitudes de axuda recibidas nas distintas sucursais e solicitarán en nome do interesado a axuda financeira nas oficinas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ou en calquera das formas previstas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo máximo de tres meses contados desde a data de finalización do prazo para formalizar o préstamo.

Debido ao elevado número de solicitudes e á súa complexidade, o prazo estipulado para que as entidades financeiras colaboradoras presenten os expedientes no Igape amósase insuficiente.

Por todo o anterior, e en virtude das facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Modificar o artigo 8 das bases reguladoras das axudas do Igape destinadas á bonificación de xuros de préstamos formalizados por titulares de explotacións gandeiras galegas ao abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, abrindo un novo prazo de dez (10) días hábiles desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, para que as entidades financeiras presenten nas oficinas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) ou en calquera das formas previstas pola Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, aquelas solicitudes dos titulares de explotacións gandeiras galegas que formalizasen en prazo o préstamo ao

abeiro da Orde APA/165/2008 do Ministerio de Medio Ambientel, e Medio Rural e Mariño.

Santiago de Compostela, 2 de febreiro de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

Corrección de erros.-Orde do 4 de xullo de 2008 pola que se convoca proceso selectivo de consolidación de emprego para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2.

Advertidos erros na orde antes citada, publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 130, do 7 de xullo de 2008, é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 13.228, onde di: «II.2.3. Rematada a fase de oposición, desde a publicación polo tribunal das notas do segundo exercicio, os aspirantes deberán proceder ...», debe dicir: «I.2.3. Desde a publicación polo tribunal das notas do segundo exercicio, os aspirantes deberán proceder ...».

Orde do 20 de xaneiro de 2009 pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante nesta consellería.

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Escola Galega de Administración Pública, pola Orde do 10 de xullo de 2008 (DOG nº 142, do 23 de xullo), de conformidade co establecido no artigo 29.2º do Decreto lexislativo 1/2008, do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, e no uso das atribucións conferidas polo artigo 17.4º do referido texto, esta consellería dispón resolver a citada convocatoria de acordo cos seguintes puntos:

Primeiro.-Declarar deserto o posto de traballo de coordinador/a da Unidade de Investigación (PR.A01.00.000.15770.040), de conformidade co disposto no punto sexto da citada orde de convocatoria, por non presentarse ningún candidato que reúna os requisitos adecuados para a súa cobertura.

Segundo.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer potestativamente recurso de reposición ante este mesmo órgano no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte ao